

Texto e ilustracións: **ERIC CARLE**

Tradución: **CHEMA HERAS** e **PILAR MARTÍNEZ**

Encadernado en cartóné

32 páxinas a toda cor. 21x29 cm.

Dispoñible en:

- Galego: “Unha eiruga moi larpeira”
Tras os montes. ISBN 978-84-8464-559-7
- Portugués: “A lagartinha muito comilona”
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-60-6
- Euskera: “Gose handiko beldarra”
ISBN 978-84-8464-632-7

Prezo: 15 €



UNHA EIRUGA MOI LARPEIRA

Á luz da lúa un ovo diminuto repousaba sobre unha folla. Un domingo pola mañá, cando o sol comezaba a quentar, PLOP! do ovo saíu unha eiruga pequerrecha e moi larpeira

Texto e ilustracións: **ERIC CARLE**

Tradución: **CHEMA HERAS** e **PILAR MARTÍNEZ**


Encadernado en cartóné

48 páxinas a toda cor. 26x26 cm.

Dispoñible en:

- Galego: “Unha eiruga moi larpeira”
Tras os montes. ISBN 978-84-8464-558-0

Prezo: 15 €



A XOANIÑA ROSMONA

Era de noite e os vagalumes andaban a bailar ao redor da lúa. Ás cinco en punto da mañá saíu o sol. Unha simpática xoaniña chegou voando pola esquerda. Viu unha folla chea de pulgóns e pensou en comelos para almorzar. Nesas andaba, cando apareceu unha xoaniña rosmona pola dereita.

A edición en galego, por primeira vez, de “A xoaniña rosmona” e “Unha eiruga moi larpeira” achégalles aos rapaces uns clásicos de deseño innovador e brillantes ilustracións co selo inconfundible de Eric Carle.

Carle creou “Unha eiruga moi larpeira” en 1969. Malia o paso do tempo, conserva a súa frescura e segue absolutamente vixente. Esta obra é unha das máis coñecidas do autor: traducíuse a unhas 30 linguas e vendeuse a máis de vinte millóns de persoas en todo o mundo. O ciclo vital dunha eiruga é o fío conductor da historia, dende que sae do ovo ata que se converte nunha fermosa bolboreta.

Seguindo o relato, os cativos fan un percorrido polos días da semana, os números e un amplo surtido de froitas e outros manxares larpeiros. O curso da

natureza fai que a pequena eiruga experimente un considerable crecemento, momento no que tece o casulo onde se producirá a súa metamorfose. Nas páxinas centrais destaca tamén o troquelado co que se representan os bocados da eiruga na súa ampla inxesta de comida.

“A xoaniña rosmona” data de 1977 e constitúe toda unha lección de boas maneiras. A mala educación da protagonista contrasta coa amabilidade da súa conxénere. As palabras *grazas* e *por favor* non forman parte do seu vocabulario, como tampouco a acción de compartir. En cambio, o seu comportamento é unha procura constante de pelexa cos seres máis variopintos, sen importarlle o seu tamaño.

comunicacion@kalandraka.com | www.kalandraka.com

Destaca a maquetación especial deste libro, con páxinas de diferentes dimensións, máis grandes canto máis avanza as horas do día no que transcorre a historia. Porque A xoaniña rosmona é un produto global, no que tipografía, ilustración e relato van da man, tecendo unha estrutura circular. Os lectores aprenderán a adquirir bos modais, a medir o tempo e a distinguir as formas, facendo unha viaxe pola natureza e os animais que a poboan por terra, mar e aire.

A natureza é un elemento de referencia constante na obra de Eric Carle, que tamén introduce conceptos de utilidade para que os nenos aprendan a manexarse no mundo que os rodea. A técnica do collage é outra das señas de identidade deste autor, que aplica unha técnica moi persoal, a base de papeis pintados á man que acaba convertendo en imaxes cheas de colorido.

ERIC CARLE (Syracuse, Nova York, 1929)

Autor de máis de 70 álbums, comezou a ilustrar libros en 1967, logo de moitos anos exercendo como director de arte nunha axencia publicitaria. Estudou na prestixiosa escola de arte Akademie der Bildenden Künste, de Stuttgart, en Alemaña, país ao que se mudou de pequeno cos seus pais. Pero sempre quixo volver a Norteamérica, onde transcorreran os seus mellores recordos da nenez.

Voltou en 1952, buscando unha oportunidade que lle chegou como deseñador gráfico no The New York Times.

O primeiro libro da súa completa autoría foi “1,2,3, to the Zoo” (1968), ao que seguiu “The very hungry caterpillar” (A xoaniña rosmona). Ao longo dos anos foi galardoado co Premio da Feira Internacional do Libro Infantil de Boloña (Italia), da Asociación de Libreiros Infantís e da Asociación Americana de Bibliotecas.

Eric Carle ten dito: “Con moitos dos meus libros intento tender unha ponte entre o fogar e maila escola. Para min o fogar representa, ou debería representar, afecto, seguridade, xoguetes, mans tendidas, sensación de protección. A escola é un lugar estraño e novo para o neno. Será un bo lugar? Hai xente nova, un profesor, compañeiros de clase... Serán amistosos?”

“Coido que o paso do fogar ao colexio é o segundo maior trauma da nenez; o primeiro, por suposto, é nacer. En efecto, en ámbolos casos deixamos un lugar de calidez e protección por outro descoñecido. Creo que os nenos son creativos por natureza e capaces de aprender. Nos meus libros intento conter ese temor, reemplazalo cunha mensaxe positiva. Quero ensinarlles que aprender é realmente fascinante e divertido”.

- **Temática:** animais, cores, números, días da semana, comidas
- **Idade recomendada:** desde 4 anos
- **Aspectos destacables:** clásicos contemporáneos; páxinas troqueladas; socialización; outros títulos de Eric Carle en KALANDRAKA: “Queres xogar comigo?” e “Papá, por favor, achégame a lúa”

